

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urgente das Xuntas de Goberno Local, correspondentes aos días 25 e 27 de xuño de 2014, respectivamente.

**ÁREA DE URBANISMO**


**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación da actividade de café bar restaurante na rúa Santo Graal, número 101-baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Poeta Ramón Cabanillas, números 14-16 e no edificio sito na Escalinata Cidade de Viveiro, número 1.

Así mesmo, acórdase a corrección do erro producido no informe emitido polo Servizo de Arquitectura o 26 de febreiro de 2014, que serviu de base ao acordo adoptado co número 2/186 pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de marzo de 2014, polo que se concedía licenza de obra para reforma de vivenda de planta quinta, modificación de portal en planta baixa, instalación de ascensor e substitución de cuberta no edificio con licenza número 734/75, sito en solo urbano, na rúa Quiroga, número 41.

Tamén se acorda a concesión da licenza para reforma interior e adecuación de fachada en planta baixa de edificio catalogado, sito na praza Santo Domingo, número 10.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==

Do mesmo xeito, acórdase a denegación das seguintes licenzas: para substitución de cuberta na edificación tradicional sita no núcleo 48.1 Rubiás, parroquia de Rubiás e para modificación de distribución interior e ampliación de planta primeira no edificio destinado a vivenda unifamiliar con licenzas 419/75 e 226/10, sito na rúa Alvedro, número 13.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a resolución de recurso de reposición no expediente contradictorio de ruína urbanística do inmovible número 4 da praza Anxo Fernández Gómez.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua con motivo da feira de expocidades e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato para subministración de papel A4 e A3 para as fotocopiadoras e impresoras do Concello, mediante acordo marco, a través de procedemento negociado.


Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da substitución do clúster da base de datos do Concello de Lugo e a migración á versión 11 de oracle e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a prórroga polo prazo dun ano, contado dende o 6 de xullo de 2014 do contrato asinado coa mercantil adxudicataria da contratación de vinte e cinco prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e modificación do prego de cláusulas administrativas particulares ea declaración de deserto do procedemento de adxudicación seguido para a adxudicación do contrato de vixilancia do parque da Milagrosa e nova convocatoria mediante procedemento

Código Seguro de verificación:Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==	PÁGINA 2/3



Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==

aberto na contratación mediante lotes do Servizo de Vixilancia no Fogar do Transeúnte (lote 1) e Servizo de Vixilancia no Parque da Milagrosa (lote 2).

**6. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao desistir da licenza de obras solicitada para legalización de vivenda unifamiliar, sita na campiña, 30, parroquia de San Salvador de Muxa.

Tamén se acorda a regularización de situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para a construción de edificio na rúa Alcalde José Novo Freire (Unidade de Actuación CS-12).

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación: Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	11/07/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==	PÁGINA 3/3



Ud+RwMvDOiTThf/RXAF8A==